

Unha veintena de traballadores das federacións deportivas galegas, celebraron o pasado 1 de febreiro, nun coñecido restaurante compostelán, a súa primeira xuntanza.

Antes do comezo da reunión, os asistentes tiveron a oportunidade de conversar uns intres co Subdirector Xeral de Deportes, Ramón Brigos, que se achegou ata o lugar do encontro para saudar aos traballadores.



Tralo xantar de confraternidade, os traballadores do deporte galego, mantiñan a súa primeira reunión, na que, ademais de coñecerse e disfrutar dunha entrañable xornada, intercambiaron criterios sobre a xestión administrativa e contable das federacións, ao tempo que se puxo de manifesto a necesidade de contar cun convenio laboral propio, xa que actualmente os traballadores das federacións galegas dos diferentes deportes están acollidos ao convenio colectivo de oficinas e despachos.

Por outra banda, os asistentes á xuntanza valoraron tamén a posibilidade de crear unha asociación de traballadores do deporte, no que estarían integrados ademais dos traballadores federativos, os de clubs, sociedades, asociacións e outras entidades deportivas.

Todos estes temas, poñeranse de novo sobre a mesa nunha futura xuntanza que está prevista para o vindeiro mes de decembro.

